

MANIFESTO 25 DE NOVIEMBRE “DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA SOBRE AS MULLERES”

Un ano máis conmemoramos o “Día Internacional contra a Violencia sobre as Mulleres”. Con este motivo, dende o Foro de Participación Cidadá en materia de Igualdade do Concello de Lugo, facemos un chamamento a toda a sociedade para que se mobilice e se comprometa na loita contra esta inmensa crueldade que só produce dor, medo e morte ás mulleres vítimas, ás e aos menores que a padecen e ás súas familias e amizades que a sufrirán para sempre.

Non podemos nin debemos tolerar este regueiro de vítimas, directas e indirectas. Cada persoa, cada familia, cada institución, cada comunidade, grande ou pequena, debe poñer todo o esforzo en erradicar a violencia de xénero.

Nestes anos sacáronse adiante leis como a Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e ou tratamento integral da violencia de xénero. Grazas a iso moitas mulleres puideron ser atendidas, protexidas e salvadas dese cerco de terror e violencia ao que se vían sometidas, xunto aos seus fillos e fillas, co propósito de lograr a recuperación da súa dignidades e a súa reincorporación á sociedade en plena liberdade.

Con todo, os últimos recortes en políticas sociais tanto do Goberno central como do goberno da Xunta de Galicia, están afectando negativamente ás mulleres e á igualdade, facendo máis difícil a loita contra a violencia de xénero. A pesar de que o goberno autonómico ten a obriga directa de poñer en marcha a protección ás vítimas e de xestionar as axudas económicas decretadas polo Goberno Central para este fin, nalgunhas comunidades autónomas, os concellos asistimos a recortes indiscriminados que mostran a falta dun compromiso firme que sitúe a sensibilización e a erradicación da violencia de xénero nas prioridades da axenda política. Recortes que afectan especialmente ás mulleres que sofren dobre ou tripla discriminación: inmigrantes, con discapacidade, pertencentes a minorías étnicas...

Non podemos nin debemos consentilo. Non podemos nin debemos permitir que se abandone á súa sorte a centos de miles de mulleres nin ás súas familias que aínda sofren esta violencia criminal. Non imos deixarnos quitar todo o que, como cidadanía conseguimos neste anos.

Preocúpanos especialmente as repercusións que ten para a poboación sen recursos, en xeral, e das mulleres, en particular, a aplicación da Orde do 5 de setembro de 2011 da Consellería de Sanidade que limita o acceso á asistencia sanitaria a persoas sen recursos económicos suficientes e o condiciona a unha antigüidade de 183 días antes de autorizar a tarxeta sanitaria, indispensable para toda consulta ou receita médica.

Esiximos dende o compromiso e a responsabilidade, en base ao artigo 155 da Constitución Española, que as comunidades autónomas cumpran estritamente a Lei estatal contra a violencia de xénero, porque a integridade das mulleres e as e os menores ten que estar garantida sen desculpas nin dúbidas

É preciso que se poña en marcha unha auténtica rede galega de acollemento, coordinada, planificada e con unificación de criterios de actuación; así como a posta en marcha dun centro de recuperación integral para as vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas, tal e como establece a lexislación galega.

Comprometémonos a seguir traballando na concienciación e sensibilización contra a violencia de xénero e sobre a igualdade no noso concello e pedimos aos medios de comunicación que incidan tamén nunha maior concienciación a fin de contribuír de maneira decisiva á erradicación desta terrible realidade.

Lugo, 25 de novembro de 2011